

CURRÍCULUM

LCA

LHIS

PRIMEIRO BACHARELATO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes

Literaturas Hispánicas

Introdución

A lectura de fragmentos ou obras completas representativas das literaturas hispánicas contribúe a desenvolver a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas, e a competencia de conciencia e expresión cultural dos alumnos e das alumnas que se adquiriron durante a ESO nas materias comúns de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura.

No que á educación se refire, a lectura é o alicerce esencial do proceso educativo e a clave fundamental que fai posible iso que chamamos a aprendizaxe ao longo da vida. É o desempeño instrumental máis importante, pois a competencia de lectura, entendida como a capacidade de comprender, procesar e relacionar a información que se le, é a condición previa e indispensable para a adquisición de todos os tipos de coñecementos.

En contra do que se adoita pensar, as disciplinas científicas esixen tamén unha adecuada competencia de lectura. Por iso non é de estrañar que personalidades de recoñecido prestixio que contribuíron á investigación científica fosen tamén grandes lectores/as e mesmo grandes escritores/as.

A lectura é a clave do coñecemento no seu sentido máis amplo, e a través dela ampliamos os nosos horizontes, abrimos as nosas mentes a outras realidades, desenvolvemos a nosa liberdade e o noso sentido crítico e, en definitiva, enriquecemos a nosa imaxinación.

O obxectivo da educación literaria é contribuír á formación da persoa, indisolublemente ligada á construción da sociabilidade e realizada a través da comparación de textos que amosan a diversidade social, artística e cultural, así como as distintas correntes filosóficas, ao longo da historia.

O estudo das literaturas hispánicas persegue como obxectivo abordar a lectura crítica de obras da literatura tanto española como hispanoamericana, a análise e a interpretación dos seus textos e dos autores e as autoras máis salientables, e a procura de información utilizando fontes de diversos tipos, prestándolle especial atención ao coñecemento da produción literaria nas linguas peninsulares máis significativa pola súa contribución ao ámbito cultural común. O eixo fundamental para esta abordaxe deberá ser un estudo histórico dos xéneros literarios e unha valoración comparada con outras artes (a música, a pintura, o cine, etc.) e outros discursos culturais que axuden a que o alumnado aprecie a relación das literaturas hispánicas coa literatura universal.

Os contidos organízanse en dous bloques: o primeiro, chamado "Literaturas hispánicas: temas e formas", abrangue contidos comúns, centrados na lectura, a interpretación, a análise e a valoración dos textos literarios (obras completas ou fragmentos seleccionados), e concíbese como a construción compartida do sentido das obras e a explicación das súas convencións literarias. Este bloque inclúe tamén o estudo das relacións significativas entre as obras literarias e o resto das artes (obras musicais, cinematográficas, pictóricas, etc.). O segundo bloque ("Procesos e estratexias") incide na realización de traballos e de exposicións tanto orais como escritas, consultando diversas fontes de información, utilizando os medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación, e achegando unha interpretación persoal. Ademais, inclúese neste segundo bloque a composición de textos de intención literaria por parte do alumnado.

En definitiva, esta materia facilita o desenvolvemento do individuo como lector competente, capaz de comparar textos literarios de distintas épocas e de diferentes autores e autoras, e capaz de descubrir neles/as recorrencias temáticas, así como semellanzas ou diverxencias expresivas. Deste xeito, o alumnado aprenderá a transferir os seus coñecementos, relacionando o contido e as formas de expresión dunha obra literaria co contexto histórico e cultural en que se inscribe, o que favorecerá a aprendizaxe autónoma.

Literaturas Hispánicas. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Literaturas hispánicas. Temas e formas				
1. h 2. l 3. n	4. B1.1. Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas das literaturas hispánicas.	5. B1.1. Ler, comprender, analizar e comentar obras breves, fragmentos ou obras completas significativas das literaturas hispánicas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as salientables.	6. LHB1.1.1. Le fragmentos significativos ou textos completos de obras das literaturas hispánicas, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a se converter en puntos de referencia da cultura universal. 9. LHB1.1.2. Interpreta obras ou fragmentos representativos das literaturas hispánicas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis destacados do estilo literario.	7. CSC 8. CCEC 10.CCEC 11.CSC 12.CAA
13.h 14.l 15.n	16.B1.2. Identificación e situación no seu contexto sociocultural das autoras e os autores máis relevantes das literaturas hispánicas.	17.B1.2. Identificar e situar no seu contexto sociocultural as autoras e os autores máis relevantes das literaturas hispánicas.	18.LHB1.2.1. Identifica e sitúa no seu contexto sociocultural as autoras e os autores máis relevantes das literaturas hispánicas.	19.CCL 20.CSC
21.c 22.h 23.l 24.n	25.B1.3. Interpretación das relacións entre obras pertencentes ás literaturas hispánicas e o resto das artes.	26.B1.3. Interpretar obras narrativas, líricas e dramáticas das literaturas hispánicas nomeadamente significativas, relacionando a súa forma e o seu contido coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron e coas transformacións artísticas e históricas producidas no resto das artes.	27.LHB1.3.1. Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas das literaturas hispánicas nomeadamente significativas, e relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión. 30.LHB1.3.2. Establece relacións significativas entre as literaturas hispánicas e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, similitudes e diferenzas entre as linguaxes expresivas.	28.CCL 29.CCEC 31.CCEC 32.CSC 33.CAA
34.c 35.h 36.l 37.n	38.B1.4. Observación, recoñecemento e valoración da evolución de formas e temas creados polas literaturas hispánicas nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos de xénero, de clase, de crenza, etc.	39.B1.4. Observar, recoñecer e valorar a evolución dalgunhas formas e algúns temas creados polas literaturas hispánicas e o seu valor permanente en diversas manifestacións artísticas da cultura universal.	40.LHB1.4.1. Observa, recoñece e valora textos literarios de diferentes épocas, e describe a evolución de formas e temas creados polas literaturas hispánicas. 43.LHB1.4.2. Recoñece o valor permanente destes temas e destas formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.	41.CCL 42.CSC 44.CCL 45.CCEC
Bloque 2. Procesos e estratexias				
46.e 47.g 48.h 49.n	50.B2.1. Realización de traballos críticos sobre a lectura dunha obra ou dun fragmento significativos das literaturas hispánicas dunha época, interpretándoos en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración persoal.	51.B2.1. Realizar traballos críticos sobre a lectura dunha obra ou un fragmento significativos dunha época, interpretándoos en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración persoal.	52.LHB2.1.1. Realiza traballos críticos sobre unha obra ou fragmento significativos dunha época, relacionándoos co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do seu autor ou a súa autora na época ou na historia da literatura, consultando fontes de información diversas.	53.CCL 54.CD 55.CSC

Literaturas Hispánicas. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
56.e 57.g 58.h 59.n	60.B2.2. Realización de exposicións orais ou escritas acerca dunha obra das literaturas hispánicas, unha época ou un autor ou autora, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, expresando as propias opinións, seguindo un esquema preparado previamente, e valorando as obras literarias como punto de encontro de ideas e sentimentos colectivos e como instrumentos para acrecentar o caudal da propia experiencia.	61.B2.2. Realizar exposicións orais ou escritas acerca dunha obra, dunha época ou dun autor ou unha autora das literaturas hispánicas con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, expresando as propias opinións, seguindo un esquema preparado previamente, e valorando as obras literarias como punto de encontro de ideas e sentimentos colectivos, e como instrumentos para acrecentar o caudal da propia experiencia.	62.LHB2.2.1. Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante, e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.	63.CCL 64.CD
			65.LHB2.2.2. Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, relacionándoos co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes.	66.CCL 67.CCEC
68.h 69.n	70.B2.3. Composición de textos escritos con intención literaria e conciencia de estilo.	71.B2.3. Compor textos con intención literaria e conciencia de estilo.	72.LHB2.3.1. Compón textos con intención literaria e conciencia de estilo.	73.CCL 74.CSIEE